



Situación: Parque Tecnolóxico de Galicia Avda. de Galicia, nº 5.
32901 SAN CIBRAO DAS VIÑAS (Ourense)
Teléfono: 988 368 152
Fax: 988 368 153
www.cismadeira.com
info@cismadeira.com



É un organismo público, ao servizo da industria da madeira de Galicia, que a través das súas actividades pretende contribuír á mellora da posición competitiva das empresas, propiciando un aproveitamento óptimo do recurso forestal, e unha maior aplicación e calidade dos seus produtos derivados.

O Centro (sen ánimo de lucro) créase no ano 1996 como unha unidade dependente do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE). En 1998 é transferido á Consellería de Innovación, Industria e Comercio da Xunta de Galicia, enmarcándose dentro da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Entre os obxectivos do centro atópanse a elaboración e execución de proxectos de investigación básica e aplicada, a transferencia de tecnoloxía, a promoción e difusión do coñecemento sobre a utilización da madeira nas súas diversas aplicacións, especialmente na construción, e finalmente impartir formación nas áreas relacionadas coa tecnoloxía da madeira.

Recursos humanos

O persoal está formado por 28 persoas das cales o noventa por cento son universitarios.

Organización / Áreas de traballo

O CIS-Madeira está constituído como un centro tecnolóxico, sen fins de lucro, baixo a seguinte organización:

O Centro conta con dous órganos de goberno, o Consello Asesor e a Dirección da que dependen outras unidades como as de administración, xestión e comunicación. Ao mesmo tempo a súa estrutura funcional está composta por dúas áreas de actividade: Área de Innovación e Tecnoloxía e Área de Información e Estudos.

Entre as actividades do CIS-Madeira, xunto ao desenvolvemento de proxectos de investigación, inclúese a prestación de servizos como o estudo de materiais e produtos, a mellora de procesos produtivos, a formación de recursos humanos, e a información e documentación especializada.

Instalacións / Equipamento

A sede do CIS MADEIRA, sita no Parque Tecnolóxico de Galicia, en Ourense, foi proxectada polo arquitecto Iago Seara, quen intentou dotar ao centro dunha imaxe que se identifique coa actividade desenvolvida no mesmo. O centro conta cunha unidade de construción e con 4 laboratorios: químico, Mecánico, Prototipado industrial e Secado de madeira, cos medios técnicos necesarios para realizar ensaios físico-mecánicos e químicos de diversa natureza.

Servizos

- Investigación e desenvolvemento : desenvolvemento tecnolóxico, investigación aplicada e deseño e fabricación de prototipos.
- Asesoramento e consultoría tecnolóxica:
 - Diagnósticos científicos, tecnolóxicos e auditorías.
 - Estratexia tecnolóxica e xestión da innovación.
 - Servizos de información e consulta tecnolóxica.
 - Comercialización da carteira tecnolóxica.
 - Prospectiva tecnolóxica.
 - Lexislación.
- Servizos técnicos:
 - Ensaio e análise.
 - Normalización, certificación e homologación.
 - Control de calidade dos produtos.
- Difusión e formación:
 - Accións promocionais.
 - Accións de difusión.



Proxectos destacados

- "RTD of sawmilling systems suitable for European Eucalyptus globulus affected by growing stresses". Entidad Financiadora: Unión Europea (CRAFT Program, Project nº FAIR-CT97-9289).
- "Promoción de la madera de eucalipto blanco en la Eurorregión Galicia-Norte de Portugal". Entidad Financiadora: Unión Europea (Proyecto INTERREG-III-A-2) e Instituto Galego de Promoción Económica. (IGAPE).
- "Estudio de Aplicaciones Estructurales de la Madera de Eucalipto de Plantaciones y Técnicas Avanzadas para su Procesado". (IBK 02-216: Tecplant).
- "ATLANWOOD (Proyecto de cooperación técnica para el desarrollo de las aplicaciones industriales del Pinus pinaster)". Entidad Financeira: Unión Europea (Proyecto INTERREG-III-B "Espacio atlántico").
- "Proyecto de aprovechamiento de la biomasa forestal en cada monte-industria de Galicia".

Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

O CIS Madeira ten participación activa nas plataformas tecnolóxicas nas áreas de forestal, enerxía e biomasa a nivel rexional (AIMEN y CTAG), nacional (AIDIMA na Comunidade Valenciana ou TECNALIA no País Vasco) e europeo (Fraunhofer en Alemaña o VTT en Finlandia). Ademais, dispón de convenios de colaboración con varios centros tecnolóxicos y pertence á rede nacional de centros tecnolóxicos da madeira.